Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2024

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es

ASPECTOS SALIENTABLES

1. Nun contexto de debilidade da economía europea, a economía galega modera o seu ritmo de crecemento ao presentar unha medra intertrimestral do 0,5%, tres décimas por baixo do estimado no conxunto de España (0,2% na UE e zona euro). En termos anuais, o PIB medra en Galicia un 2,5%, seis décimas inferior á media española, crecemento novamente superior ao estimado para o conxunto da Unión Europea (0,8%), que se ve lastrado polo comportamento da economía alemá, e aos seus principais socios comerciais: Francia (1%), Portugal (1,5%), Italia (0,9%) e Alemaña (0%).

2. A demanda externa constitúe o principal motor de crecemento da economía de Galicia, cunha achega de 2,4 puntos ao crecemento agregado do PIB, o que contrasta co que acontece en España onde a demanda interna contribúe con 2,4 puntos (a externa aporta sete décimas). Por contra, na economía europea a demanda interna detrae cinco décimas e o sector exterior aporta 1,4 puntos. A debilidade da demanda interna en Galicia, que tan só aporta unha décima ao crecemento agregado do PIB, a contribución máis reducida dende o inicio da reactivación económica en 2021, ven motivada por unha contracción do gasto das familias do 0,9%, feito que non acontecía dende o primeiro trimestre de 2021, e unha nova contracción do investimento (-0,2%). No concernente á demanda externa, as exportacións increméntanse un 6% respecto ao ano anterior, case catro puntos por riba do estimado para as importacións (2,1%).

3. Dende o punto de vista da oferta, fronte ao crecemento dos grandes sectores en España, a economía galega presenta unha contracción tanto do sector primario como da industria manufactureira, cunha caída do 2% e 1,3% (aumenta máis dun 5% no conxunto do Estado). Cómpre mencionar que a construción presenta un maior dinamismo que en España, cunha medra do 3%, medio punto máis que no conxunto do Estado; a diferenza do que acontece co sector servizos, onde o valor engadido xerado medra un 2,4% fronte ao 3,7% na economía española. Xunto a devandita debilidade do crecemento da industria manufactureira cómpre insistir novamente na súa baixa produtividade relativa, que se sitúa no 75,9% da media española en termos de PTETC e no 78,7% en termos de horas traballadas, porcentaxes inferiores ás rexistradas en 2008 e 2019.

4. En termos agregados o mercado de traballo galego mantén un balance global positivo se ben presenta importantes sombras. Dunha banda, o devandito balance positivo reflíctese, entre outros aspectos, en que todo o emprego creado é emprego indefinido e no sector privado; no aumento do emprego a xornada completa; no importante descenso do emprego de longa duración a pesar da medra do paro estimado; ou na mellora da situación dos fogares galegos. Por contra, mantense os problemas estruturais do mercado de traballo, situándose novamente Galicia entre as CC.AA. con menores taxas de actividade e ocupación, así como polo menor dinamismo na creación de emprego que o conxunto do Estado. Asemade, cómpre resaltar a

significativa ralentización na creación do emprego, descendendo a ocupación entre as mulleres.

5. A pesar do devandito incremento do PIB galego nun 2,5%, un punto superior ao estimado no ano anterior, tres dos catro indicadores da ocupación presentan taxas de crecemento notablemente inferiores ás do ano anterior. Dunha banda, as afiliacións á Seguridade Social medra un 1,8%, unha décima máis que no ano anterior. Doutra, a poboación ocupada aumenta en Galicia tan só un 0,3% fronte ao 2,5% de 2023, en tanto que as contas económicas amosan unha medra do 1% dos portos de traballo equivalente a tempo completo e do 0,2% no caso das horas traballadas (2,1% e 2,7% no ano precedente).

6. Segundo os datos recollidos na EPA, a pesar da ralentización no crecemento da poboación activa esta mantén a tendencia crecente dos últimos anos (0,5% respecto ao ano anterior, máis dun puntos inferior á media estatal). A diferenza do que acontece en España, este incremento prodúcese tan só entre os homes; destacando o incremento da poboación activa de nacionalidade estranxeira (14,2%), entre a poboación máis nova e as persoas maiores de 45 anos, así como entre as persoas con estudos primarios ou menos, con estudos da ESO segunda etapa rematados e estudos superiores. Por contra cómpre salientar o descenso da poboación activa feminina e das persoas de nacionalidade española.

7. No que ao perfil do emprego creado reflectido pola EPA, o devandito incremento da ocupación prodúcese tan só entre os homes, o que contrasta co descenso estimado entre as mulleres, feito que non acontecía dende o primeiro trimestre de 2021. O mercado laboral galego caracterizouse por unha medra tan só dos traballadores por conta propia, permanecendo practicamente estable o emprego asalariado, fronte ao acontecido en España onde todo o emprego creado é emprego por conta allea. Neste senso cómpre destacar que todo o emprego creado é emprego indefinido e no sector privado, aumentado o emprego a xornada completa. Asemade, no que atinxe á distribución sectorial, a poboación ocupada redúcese tanto no sector primario como no conxunto dos servizos, o que contrasta coa medra interanual no caso da construción e da industria. Por último, o incremento máis acusado estímase entre a persoas con maior novel formativo, destacando ademais o producido entre as persoas maiores de 55 anos e a poboación máis nova.

8. No que ao desemprego se refire, os datos da EPA amosan un incremento da poboación parada no último trimestre (2,2%), aumento que se produce tanto entre mulleres como en maior medida entre os homes. Fronte a este incremento, no conxunto do Estado o desemprego estimado redúcese en ambos os dous casos, sendo a caída máis significativa entre as mulleres. As taxas de paro reflicten que este segue a afectar en maior medida ás mulleres, persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios. Ase-

made cómpre mencionar o descenso do paro de longa duración de xeito máis acusado que en España (-9,1% e -2,8%, respectivamente).

9. Por último cómpre salientar a positiva evolución dos fogares galegos no último trimestre. Neste senso, entre abril e xuño de 2024 descende o número de fogares galegos onde todas as persoas activas están en paro, así como o número de fogares sen perceptores de ingresos. Ademais, aumentan os fogares onde todas as persoas activas están ocupadas.

CONTIDOS

I- ANÁLISE CONXUNTURA:
. Contas económicas.
. Mercado de Traballo.

O Informe de Conxuntura Socioeconómica ten como obxectivo subministrar aos axentes sociais, económicos e políticos a información básica e estratéxica que permita definir a situación actual da economía de Galicia. Asemade, pretende facilitar a avaliación continua das magnitudes máis salientables do noso País, e analizar os avances e melloras, mais tamén os atrancos ou retrocesos na súa dinámica macroeconómica.

ISSN 2530-318X
Editado en Ourense polo Foro Económico de Galicia
Facultade de CC. Empresariais e Turismo - Universidade de Vigo
Campus Universitario 32004
Outubro 2024

I- ANÁLISE DE CONTAS

Moderación no ritmo de crecemento do PIB en Galicia no segundo trimestre de 2024.

A economía galega modera o seu dinamismo no segundo trimestre do ano ao presentar unha medra intertrimestral do 0,5% (1,3% no trimestre anterior), porcentaxe que se sitúa tres décimas por baixo da media española, e tres decimas superior á do conxunto de países da zona euro. En termos anuais, o PIB medra en Galicia un 2,5%, seis décimas inferior á media española, sendo esta porcentaxe novamente superior á estimada para o conxunto da Unión Europea (0,8%), e os seus principais socios comerciais

A demanda externa constitúe o principal motor de crecemento da economía galega, cunha achega de 2,4 puntos ao agregado do PIB fronte a tan só unha décima no caso da demanda interna, o que contrasta coa economía española onde a demanda interna contribúe con 2,4 puntos (sete décimas a demanda externa). Fronte a estas achegas positivas, na UE e na zona euro, a demanda externa explica a totalidade do seu crecemento. O cadro macroeconómico galego reflicte que a devandita debilidade da demanda interna ven motivada fundamentalmente pola contracción do gasto das familias (-0,9%), xunto cunha nova caída do investimento (-0,2%) No caso do sector exterior, as exportacións increméntanse un 6%, case catro puntos por riba do estimado para as importacións (2,1%).

Dende o lado da oferta, Galicia caracterízase por unha contracción tanto do sector primario como da industria manufactureira (-2% e -1,3%, respectivamente), o que contrasta cunha medra interanual superior ao 5% en España. Asemade, o sector servizos presenta un menor dinamismo que na economía española (2,4% e 3,7%, respectivamente) a diferenza do que acontece na construción, cuxo veb medra un 3% en Galicia, medio punto máis que no conxunto do Estado. Cómpre insistir unha vez máis na moi reducida produtividade relativa da actividade manufactureira en relación ao conxunto de España.

ACTIVIDADE ECONÓMICA

A economía do conxunto de países da Unión Europea (UE-27) e da zona euro mantén a súa debilidade no segundo trimestre do ano, ao medrar un 0,2% respecto ao trimestre anterior. Entre as principais economías europeas, Alemaña, que aporta case a cuarta parte do PIB europeo, rexistra unha contracción do 0,1%, en tanto que Francia e Italia medran un 0,2% (aportan o 16,4% e 12%, respectivamente). Os datos publicados por Eurostat reflicten que España (8,9% do PIB), Países Baixos (6,4%) e Polonia (4,7%) presentan as taxas de crecemento máis elevadas; en concreto, a economía española medra un 0,8% respecto ao trimestre anterior fronte ao 1% dos Países Baixos e 1,5% de Polonia. No extremo oposto, Irlanda e Letonia presentan os descensos máis acusados, cun 1% e 0,9%, respectivamente.

En termos interanuais, a economía da Unión Europea e a do conxunto de países da zona euro presentan no último trimestre unha medra do 0,8% e 0,6%, respectivamente, unha décima máis que no trimestre anterior (no segundo trimestre de 2023 o crecemento foi do 0,5%). España mantense entre as economías cun mellor comportamento ao medrar o seu PIB un 3,1%, seis décimas por riba do estimado no

Evolución do PIB real na UE-27, na zona euro e nas principais economías europeas. Taxas de variación interanual



	I	II	III	IV	I	II	III	IV	I	II
	2022				2023				2024	
Zona euro	5,4	3,9	2,6	1,7	1,3	0,5	0,0	0,2	0,5	0,6
UE-27	5,5	4,0	2,6	1,5	1,2	0,5	0,1	0,4	0,7	0,8
Alemaña	3,4	0,8	1,4	0,2	0,2	0,1	-0,3	-0,2	-0,1	0,0
Francia	4,6	3,7	1,4	0,8	1,0	1,3	0,9	1,3	1,5	1,0
Portugal	12,1	7,4	4,8	3,4	2,5	2,6	1,9	2,1	1,5	1,5
España	6,9	7,3	6,1	4,6	3,9	2,4	2,2	2,3	2,5	3,1
Italia	6,6	5,3	2,8	1,9	2,2	0,6	0,6	0,7	0,6	0,9

Fonte: Eurostat e INE

trimestre anterior, porcentaxe tan só superado por Malta, Polonia e Chipre Entre as principais economías da UE, Francia e Italia presentan un incremento interanual do 1% e 0,9%, respectivamente, situándose no 0,6% no caso de Países Baixos. Asemade, cómpre salientar que o PIB real de Alemaña mantén o mesmo nivel que no segundo trimestre do ano anterior (contráese nos tres trimestres anteriores). Por último, a economía portuguesa, segundo socio comercial de Galicia, mantén a súa moderación no ritmo de crecemento da súa economía, presentando no segundo trimestre do ano unha medra interanual do 1,5%.

A pesar das dificultades polas que

Recuperación da actividade económica dende o inicio da crise económica orixinada polo coronavirus



Fonte: Elaboración propia a partir de Eurostat, IGE, INE e organismos estatísticos das CC.AA.

atravesa a economía alemá, o PIB real da Unión europea e a dos países da zona Euro atópase un 4,4% e 3,9% por riba do nivel precrise, sendo esta porcentaxe de tan só 0,2% no caso de Alemaña (tan só Estonia e Finlandia, que aínda non acadaron o nivel precrise, presenta unha peor evolución). O

PIB de España supera en 5,7 puntos porcentuais o nivel acadado no cuarto trimestre de 2019, sendo este diferencial de 7,6 puntos no caso de Países Baixos; 5,9 en Portugal; e 4,7 puntos en Italia. Asemade, Francia presentaba un PIB superior en 3,7 puntos ao do último trimestre de 2019.

No devandito contexto europeo, dende o inicio da recuperación económica da crise orixinada pola pandemia a economía galega presenta taxas de variación interanuais superiores á media europea e do conxunto de países da zona euro. Por contra, o dinamismo da economía española é superior á estimada para Galicia. En concreto, no segundo trimestre de 2024 o PIB ga-

Evolución do PIB real en Galicia e España, 2019-2024. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE e INE

lego rexistra un incremento interanual do 2,5%, seis décimas menos que a rexistrada en España (3,1%). En termos intertrimestrais, a economía galega medra un 0,5%, tres décimas por baixo do estimado para a economía española.

Tras a devandita evolución, o PIB galego atópase no segundo trimestre do ano un 6,3% por riba do nivel anterior ao comezo da crise sanitaria superándoo nun 5,7% no caso da economía española. En termos comparados cómpre resaltar que transcorridos os mesmos trimestres dende o inicio da crise económica e financeira de 2008, o PIB galego situábase 8,6 puntos por baixo do nivel precrise, sendo este diferencial de 8,5 puntos no caso de España.

Evolución da actividade económica en Galicia e España dende o máximo previo á crise, 2008 e 2019



(1) A recuperación da actividade económica foi máis rápida no Estado, superando o nivel precrise no primeiro trimestre de 2018 (40 trimestres máis tarde) cando a economía española o superara no cuarto trimestre de 2016 (35 trimestres). O índice máis reducido acadouse en Galicia no derradeiro trimestre de 2012 (19 trimestres transcorridos) fronte ao primeiro trimestre de 2013 no caso de España (20 trimestres).
Fonte: IGE e INE

DEMANDA AGREGADA

Tanto a demanda externa como a interna presentan en Galicia e España unha achega positiva ao crecemento agregado do PIB, se ben existen diferenzas significativas entre as dúas economías. Isto contrasta co acontecido no conxunto da UE e dos países da zona euros, onde o crecemento económico ven explicado tan só pola demanda externa.

O cadro macroeconómico de Galicia reflicte non só que a demanda externa é o principal motor de crecemento do PIB, cunha achega ao crecemento agregado do PIB de 2,4 puntos porcentuais, senón tamén a debilidade da demanda interna, que aporta tan só unha décima, o valor máis reducido dende o inicio da reactivación económica no primeiro trimestre de 2021. En contraposición ao acontecido en Galicia, o crecemento da economía espa-

Achega da demanda interna e externa en Galicia e España



Fonte: IGE e INE

ñola ven explicada fundamentalmente pola achega da demanda interna, con 2,4 puntos porcentuais, fronte ás sete décimas no caso do sector exterior. No ámbito da UE-27, a demanda externa aporta 1,3 puntos en tanto que a demanda interna detrae cinco decimas, mentres que na zona euro, a demanda interna detrae oito décimas ao crecemento agregado do PIB e o sector exterior aporta 1,4 puntos.

A marcada debilidade da demanda interna ven motivada fundamentalmente pola contracción do gasto das familias, xunto cunha nova caída do investimento. En concreto, o consumo privado redúcese un 0,9% respecto ao ano precedente, feito que non acontecía dende o primeiro trimestre de 2021, en tanto que o investimento contráese por quinto trimestre consecutivo (-0,2%). Tan só o gasto en consumo público presenta unha medra interanual, sendo non obstante este incremento inferior ao rexistrado no último ano (3% no segundo trimestre de 2024). Fronte a este comportamento, no conxunto de España todos os compoñentes da demanda interna presentan taxas de variación interanuais positivas, ascendendo ata o 2,5% no caso do consumo dos fogares e do 1,2% no do investimento. Asemade, o gasto público medra en España un 4%.

Cadro macroeconómico de Galicia 2019-2024. Taxas de variación interanual.

%

	2019	2020	2021	2022	2023	2023/I	2023/II	2023/III	2023/IV	2024/I	2024/II
Produto Interior Bruto	1,1	-8,9	7,6	4,1	1,8	3,2	1,5	0,9	1,8	2,0	2,5
Demanda											
Gasto en consumo final	-1,3	-7,9	6,7	2,1	1,1	0,2	1,3	1,9	1,1	1,1	0,1
Fogares e institución privadas sen fin de lucro	-2,2	-11,9	8,7	4,5	0,5	0,3	0,6	0,7	0,3	0,1	-0,9
AA. Públicas	1,4	3,8	2,0	-4,1	3,0	-0,1	3,4	5,1	3,6	4,2	3,0
Formación Bruta de Capital	3,9	-10,5	7,8	0,7	-0,7	0,4	-0,8	-2,2	-0,2	-0,8	-0,2
Achega demanda interna ao PIB	-0,4	-8,2	6,8	1,8	0,8	0,2	0,9	1,1	0,9	0,8	0,1
Exportacións	-0,1	-4,5	11,3	0,4	1,5	6,1	1,2	-3,2	2,0	0,5	6,0
Importacións	-3,1	-3,3	10,2	-3,8	-0,3	1,1	0,3	-3,0	0,5	-1,7	2,1
Achega demanda externa ao PIB	1,5	-0,7	0,8	2,3	1,0	3,0	0,6	-0,2	0,9	1,2	2,4
Oferta											
Sector primario	6,3	-12,5	1,6	0,3	-0,9	1,1	2,0	-0,8	-5,8	-4,4	-2,0
Industria	-7,0	-13,1	16,3	-1,5	2,5	6,9	1,3	-1,8	3,7	3,5	4,1
Industria manufactureira	-1,5	-13,7	16,6	-0,2	1,7	2,2	1,3	-0,2	3,3	0,9	-1,3
Construción	2,1	-11,9	-4,4	-1,0	0,8	2,4	0,8	-0,8	0,8	1,2	3,0
Servizos	2,9	-6,9	7,4	6,3	2,3	2,8	1,8	2,0	2,3	2,1	2,4
Comercio, transporte e hostalería	0,3	-19,6	17,0	17,3	4,3	7,0	3,2	3,6	3,4	2,1	3,4
Información e comunicacións	9,7	0,7	2,6	11,8	-1,0	-4,1	-1,2	-0,8	2,1	9,8	7,9
Actividades financeiras e de seguros	0,9	5,1	1,5	-0,9	0,5	1,0	1,4	1,4	-1,7	1,9	0,8
Actividades inmobiliarias	1,4	1,1	0,7	1,0	1,4	1,1	1,3	1,5	1,6	1,2	0,8
Actividades profesionais	11,8	-1,3	10,2	3,0	2,3	1,1	1,9	3,3	3,0	3,1	3,2
Administración pública, sanidade e educación	2,6	0,3	3,2	0,3	0,7	0,3	0,5	0,8	0,9	2,1	2,3
Actividades artísticas, recreativas e outros servizos	6,2	-15,3	7,5	-0,9	4,0	5,5	4,6	0,6	5,3	-0,6	-2,5

Fonte: IGE

PIB real en Galicia e España no segundo trimestre de 2024. Indicadores de oferta e demanda. Taxas de variación interanual



Fonte: IGE, INE e Eurostat

Atendendo á evolución destes compoñentes da demanda interna desde o inicio desta crise económica orixinada pola COVID, os datos dos cadros macroeconómicos reflicten que todos presentan en España un mellor comportamento. Cómpre salientar en primeiro lugar que o investimento rexistra en Galicia un nivel inferior ao estimado no derradeiro trimestre de 2019, cunha caída do 1,8%, o que contrasta co incremento do 1,9% en España. No que ao consumo se refire, o gasto privado atópase un 2,5% por riba do nivel precrise, máis da metade do rexistrado no conxunto do Estado (5,1%), en tanto que o crecemento do gasto público en España ascende ata os 16,8%, nove puntos superior ao estimado para a economía galega.

No que á demanda externa se refire, a súa contribución de 2,4 puntos ao crecemento agregado do PIB ven motivado por unha medra interanual das exportacións do 6% e do 2,1% no caso das importacións. En ambos os dous casos este dinamismo é superior ao do conxunto de España, onde as exportacións medran un 2,6% e as importacións un 0,9%. Atendendo á súa evolución dende o comezo da crise orixinada pola pandemia, as exportacións rexistran un maior dinamismo que as importacións; así as exportacións medran en España un 10,9% fronte ao 11,4% en Galicia, en tanto que as importacións o fan nun 8,2% e 3,6%, respectivamente.

Se se consideran tan só as relacións comerciais con terceiros países, o valor total acumulado das exportacións galegas entre abril e xuño de 2024 presenta unha medra do 8% respecto ao mesmo período do ano anterior, fronte ao 2,7% do ano precedente. En termos nominais, as exportacións ascenderon no segundo trimestre a 8.2687,6 millóns de euros, 612,5 millóns máis que en 2023, o importe máis elevado de toda a serie histórica. Esta medra ven motivada en boa medida polo comportamento experimentado polo sector de automóbiles e motos, cunha medra do 14,9% (222,5 millóns de euros máis), das vendas de produtos enerxéticos, que aumentan un 87,6% (211,8 millóns de euros máis) e o téxtil-confección, que aumenta un 6,1% (102,5 millóns de euros). Por contra, cómpre resaltar a caída das vendas de bens de equipo nun 7,3% en relación ao ano anterior (96,6 millóns menos) impulsada polo

Exportacións galegas do sector do automóbil, téxtil-confección e pesca 2008-2024. Datos acumulados abril-xuño



Fonte: ICEX

descenso das vendas de material de transporte nun 12,9% (92,8 millóns de euros menos). Tras esta evolución, no segundo trimestre do ano as exportacións galegas correspondentes ao sector do automóbil e moto representan o 23,6% do valor total, fronte ao 21,6% do sector téxtil-confección. A cota de mercado das exportacións galegas no total estatal ascende ata o 8,1%, o peso relativo máis elevado nun segundo trimestre dende o ano 2011 (6,9% no segundo trimestre de 2019), sendo este peso relativo do 53,7% no caso da pesca ou do 37,7% no téxtil (13,7% no sector do automóbil).

Atendendo á desagregación segundo destino das vendas galegas ao exterior cómpre mencionar o elevado grado de concentración no mercado comunitario, que acolle o 72,7% das exportacións, catro décimas máis que no ano anterior, dirixíndose ao resto do continente europeo un 10,8% das vendas exteriores. África do norte, tras un incremento interanual do 27,6%, mantense como a terceira área comercial ao acoller o 5,3% das exportacións galegas, case un punto máis que no ano anterior (4,5%). O devandito incremento interanual das vendas explícase en boa medida polo comportamento das exportacións cara aos países da UE-27, cunha medra do 8,6% (475,4 millóns de euros máis); cara aos países do norte de África, cunha medra do 27,6% (95,1 millóns de euros máis). Fronte a este incremento cómpre resaltar o descenso do valor total das exportacións cara o continente asiático, cunha caída interanual do 10,1% (33 millóns menos); e cara América, cun descenso do 4,9% (26,5 millóns menos), a pesar do bo comportamento das vendas a América do norte (medran un 18,4% respecto ao mesmo período do ano anterior, 35,1 millóns de euros máis).

Francia mantense como o principal destino das exportacións galegas concentrando o 18,2% do total, dúas décimas menos que no ano anterior. A continuación sitúanse novamente Portugal, cuxo peso relativo descende ata o 12,6% (14,3% no mesmo período do ano precedente), e Italia cun 11%, máis dun punto por riba do ano anterior (9,9%). Entre os dez primeiros destinos dos produtos galegos sete son países da UE, manténdose o Reino Unido en sexto lugar, ao acoller o 4,7% das exportacións (45,4% no ano anterior); e descendendo Marrocos ata a oitava posición, cun 4,3% (3,8% en 2023); e Turquía á novena, cun 4,3% (4,8% no ano precedente).

No concernente ao saldo da balanza comercial dos distintos sectores económicos, cómpre resaltar en primeiro lugar o incremento do superávit rexistrado polo sector do automóbil impulsado en grande parte tanto pola caída das importacións de fabricación de automóbiles e motos (-45,1%) au-

Exportacións galegas 2023-24. Principais países e sectores económicos. Datos acumulados ao II trimestre



Fonte: ICEX

mentando por contra as exportacións un 14,9%. Tras esta evolución, o subsector de fabricación de automóbiles rexistra unha medra significativa do superávit, que se sitúa en 1.548,5 millóns de euros (29,9% superior), acadando as vendas de compoñentes de motor un saldo positivo de 13,4 millóns de euros. Por último, cómpre mencionar que o sector dos alimentos reduce significativamente o seu déficit nun 66,2% (descende ata os 33,5 millóns de euros), impulsado polo bo comportamento do subsector de produtos lácteos e ovos, cun superávit de 63,2 millóns de euros (109,2% superior), e da pesca, que rexistra un saldo positivo de 17,4 millóns de euros fronte ao déficit do ano precedente (18,2 millóns). Asemade, cómpre resaltar o incremento do déficit rexistrado polos produtos enerxéticos, que tras un incremento interanual do 26,4% ascende a 562,5 millóns.

Por último, na análise da demanda externa cómpre facer referencia á base exportadora, é dicir, ao número de empresas que vendes aos seus produtos fóra de España. Entre xaneiro e xullo de 2024 exportan regularmente en Galicia un total de 2.666 empresas, un 3,4% máis que no ano anterior, o que supón

o 52,8% das empresas exportadoras (50,3% no conxunto do Estado). Estas empresas concentran case o 83% do valor total das exportacións galegas, nivel similar ao estimado no conxunto do ano 2023 (96,2% en España).

A devandita concentración xeográfica e sectorial apréciase tamén na base exportadora. Duna banda, nos sete primeiros meses do ano as cinco primeiras empresas exportadoras concentran en Galicia o 30,4% das exportacións galegas, ascendendo esta porcentaxe ata o 37,9% no caso das dez primeiras empresas (29,8% e 37,5% no ano anterior, respectivamente), sendo estes valores significativamente máis elevados que no conxunto de España (10% e 14,8%, respectivamente). A pesar do seu elevado nivel de concentración, estas porcentaxes son máis reducidas que as rexistradas tanto antes da crise orixinada pola pandemia (no conxunto do ano 2019 representan o 43,5% e 52,2%, respectivamente) como antes da crise económica e financeira de 2008 (as cinco primeiras empresas concentran o 47,9% das exportacións e as dez primeiras, o 53,9%).

AGREGADOS DA OFERTA

O crecemento do 2,5% do PIB galego no segundo trimestre de 2024 ven explicado polo comportamento do sector terciario, a construción e sector industrial no seu conxunto a pesar da evolución da actividade manufactureira, o que contrasta coa acusada contracción experimentada polo sector primario. Comparado co acontecido no ano anterior, cómpre resaltar a devandita contracción experimentada polo sector primario e a industria manufactureira. Por contra, na economía española os catro grandes sectores presentan taxas de variación interanuais positivas.

Dunha banda, o sector industrial galego no seu conxunto mantén un importante dinamismo da súa actividade, cunha medra interanual do 4,1%, que presenta un mellor comportamento que no conxunto de España (3,7%). Con todo, é preocupante o desigual comportamento da industria manufactureira en Galicia e España, rexistrándose na C.A. unha caída do 1,3% fronte ao incremento superior ao cinco por cento no conxunto do Estado (5,1%). Ao igual que acontece no conxunto do sector industrial, a construción presenta un maior dinamismo que no conxunto da economía española ao medrar un 3%, medio punto por riba da media española.

Doutra banda, o crecemento do valor engadido bruto xerado polo sector servizos foi do 2,4%, un punto e tres décimas inferior ao estimado no conxunto de España. Entre as distintas ramas de actividade, cómpre resaltar que tanto o conxunto de actividades de comercio, transporte e hostalería como o das actividades de información e comunicacións medran en Galicia por riba do estimado en España; en concreto, as primeiras medran un 3,4% e as segundas un 7,9%, cando na economía española o crecemento interanual ascende ata o 3,1% e 3,7%, respectivamente. Por contra, o diferencial de crecemento do veb xerado polo sector terciario respecto a España ven motivado pola evolución das actividades profesionais, científicas e técnicas, cunha medra interanual do 4,6% en España fronte ao 3,2% en Galicia; da Administración pública, sanidade e educación, cunha medra do 2,8% no conxunto do Estado, medio punto máis que na Comunidade Autónoma; así como polo comportamento das actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que no segundo trimestre do ano rexistran unha contracción do 2,5% na economía galega fronte ao crecemento do 5,6% no conxunto do Estado.

No concernente ao sector primario, por cuarto trimestre consecutivo o valor engadido bruto presenta unha contracción da súa actividade, situándose no segundo trimestre de 2024 no 2%, o que contrasta co significativo incremento no conxunto do Estado (5,1%).

Evolución da actividade económica IV trimestre 2019 -II trimestre 2024 en Galicia e España. Distribución segundo ramas de actividade



Fonte: IGE e INE

Transcorridos máis de catro anos dende o comezo da crise económica orixinada pola pandemia, a maior intensidade na recuperación da actividade económica na Comunidade autónoma que no conxunto do Estado ven explicada polo comportamento do sector servizos e polas actividades extractivas e enerxéticas. En termos reais, o veb xerado polo sector terciario en Galicia é un 10,3% superior ao estimado para o derradeiro trimestre de 2019, máis dun punto por riba do estimado en España (9,2%). Entre as distintas actividades do sector terciario cómpre resaltar que o veb das actividades de comercio, transporte e hostalería é un 18,8% superior, e o xerado polas actividades profesionais e pola administración pública, sanidade e educación, cun 14,8% e 6%, respectivamente; o que contrasta co subsector de actividades artísticas, recreativas e outros servizos, que se sitúa un 10,8% por baixo do nivel precrise. No conxunto do Estado a recuperación das actividades comerciais, transporte e hostalería se sitúa nun 6% por riba de cuarto trimestre de 2019; estimándose unha caí-

da da produción nas actividades artísticas, recreativas e outros servizos, cuxo veb é un 0,3% inferior.

Por contra, tanto o sector primario como a construción presentan en Galicia como en España niveis inferiores aos estimados no cuarto trimestre de 2019, sendo esta caída moito máis acusada na economía galega. En termos reais, o veb xerado polo sector da construción redúcese en Galicia un 12,7% fronte a tan só un 2,8% na economía española; en tanto que o sector primario o fixo nun 10,8% fronte ao 6,2% en España.

Evolución da estrutura produtiva de Galicia. Principais ramas de actividade (VEB Galicia = 100)



Fonte: IGE

No que á industria se refire, o conxunto do sector industrial, incluídas as actividades extractivas e o sector enerxético, presenta unha medra do 7% entre os dous trimestres considerados, en tanto que no conxunto do Estado este incremento é de tan só seis décimas. Este comportamento contrasta coa evolución da industria manufactureira, cun incremento en Galicia notablemente inferior ao estimado na economía española: 1,8% e 10,2%, respectivamente.

No que á estrutura produtiva se refire cómpre resaltar o incremento do peso relativo do subsector de comercio, transporte e hostalería, que no segundo trimestre do ano concentra o 25,4% do veb galego, catro décimas por riba do estimado no ano anterior (22,6% no mesmo período de 2019). A importancia relativa da administración pública, sanidade e educación mantense lixeiramente por riba do 18% no segundo trimestre de 2023 e 2024, o que supón un nivel inferior ao estimado no segundo trimestre de 2019 (18,9%).

Asemade, cómpre resaltar o paulatino descenso do peso da industria manufactureira, que se sitúa no 12%, sete décimas menos que no segundo trimestre do ano anterior e de 2019, e lonxe do 14% acadado na mesma data de 2008. A importancia relativa do sector da construción aumenta ata o 6,2%, dúas décimas máis que no ano precedente, porcentaxe que se sitúa lonxe do estimado en 2019 e sobre todo 2008 (7,5% e 11,7%, respectivamente). Por último, o sector primario representa o 4,6% do valor engadido xerado pola economía galega, catro décimas inferior ao estimado no ano anterior.

Produtividade do factor traballo

Por último, cómpre facer referencia á evolución da produtividade da economía galega entendida como a cantidade producida por unha economía tanto en termos das horas traballadas como dos postos de traballo equivalentes a tempo completo. O devandito incremento interanual do PIB en termos reais do 2,5% no segundo trimestre do ano trasládase ao mercado de traballo quen presenta unha medra inferior tanto do número de horas (0,2%) como de postos de traballo equivalente (1%).

Tras esta evolución, Galicia presenta unha mellora de competitividade real en ambos os dous casos, situándose no 2,3% se se mide en termos de horas efectivamente traballadas e no 1,5% en relación aos postos de traballo equivalente a tempo completo. No conxunto de España, a competitividade medida en tempo de postos de traballo equivalente medra un 1%, mellorando no caso das horas traballadas un 0,7%.

Se se considera o PIB en termos monetarios, a produtividade aparente do factor traballo en Galicia segue a ser inferior á da economía española tanto en termos de horas de traballo como

Produtividade aparente do factor traballo no II trimestre 2024. Taxas de variación interanual

HORAS EFECTIVAMENTE TRABALLADAS

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,5%	0,2%	2,3%	3,1%	2,4%	0,7%
Sector primario	-2,0%	-4,2%	2,2%	5,1%	1,2%	3,9%
Industria	4,1%	0,5%	3,6%	3,7%	5,7%	-2,0%
Industria manufactureira	-1,3%	-0,3%	-1,0%	5,2%	3,9%	1,3%
Construción	3,0%	0,6%	2,4%	2,5%	4,6%	-2,1%
Servizos	2,4%	0,6%	1,8%	3,7%	1,7%	2,0%

POSTOS DE TRABALLO EQUIVALENTE A TEMPO COMPLETO

	Galicia			España		
	PIB	Emprego	Produtividade	PIB	Emprego	Produtividade
Total	2,5%	1,0%	1,5%	3,1%	2,1%	1,0%
Sector primario	-2,0%	-1,1%	-0,9%	5,1%	-0,3%	5,4%
Industria	4,1%	1,4%	2,7%	3,7%	4,9%	-1,2%
Industria manufactureira	-1,3%	1,5%	-2,8%	5,2%	3,8%	1,4%
Construción	3,0%	0,4%	2,6%	2,5%	5,2%	-2,7%
Servizos	2,4%	1,2%	1,2%	3,7%	1,5%	2,2%

Fonte: IGE e INE

Evolución da produtividade aparente do factor traballo en Galicia. Distribución segundo sexo (España = 100)



Fonte: IGE e INE

en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo. En concreto, sitúase un 6,1% por baixo se se mide en relación ao número de horas traballadas e un 5,2% por baixo en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo. Con todo, como se reflicte no último gráfico, en ambos os dous casos o diferencial redúcese significativamente con respecto á media española en relación aos anos 2008 e 2019.

Atendendo á distribución segundo sector de actividade, no segundo trimestre do ano todos os sectores presentan unha produtividade aparente inferior á media do conxunto do Estado. Cómpre insistir novamente na reducida produtividade das actividades manufactureiras galegas en comparación co conxunto do Estado, así como a súa tendencia descendente. No segundo trimestre de 2024 supoñía o 75,9% da media estatal medida en termos de traballo equivalente a tempo completo e un 78,7% no caso das horas traballadas, as porcentaxes máis reducidas dos cinco anos considerados (no segundo trimestre de 2019 a produtividade aparente en termos de horas representaba o 84,1% da media española e o 79,3% no caso dos postos de traballo equivalente a tempo completo).

O sector servizos e a construción son os que presentan unha produtividade aparente máis próxima á media española. En concreto, en termos de traballo a tempo completo o sector servizos presenta unha produtividade relativa 2,2% inferior fronte ao 6,9% no caso da construción; en tanto que no caso das horas traballadas, a produtividade da construción é tan só dúas décimas inferior á media española fronte aos 3,1 puntos no sector terciario. Por último, hai que resaltar a baixa produtividade do sector primario no segundo trimestre do ano ao situarse un 22,5% por baixo da media española en termos de horas traballadas e un 19,9% por baixo en termos de postos de traballo equivalente a tempo completo.

O MERCADO DE TRABALLO NO II TRIMESTRE DE 2024
Sombras importantes nun contexto global positivo

O crecemento do 2,5% da actividade económica no segundo trimestre do ano non se traslada directamente ao mercado de traballo, quen presenta unha significativa ralentización en tres dos catro indicadores da ocupación (tan só as afiliacións presentan unha medra interanual superior á do ano anterior). A diferencia do acontecido nos segundos trimestres dos anos anteriores, mantense tanto a participación das persoas no mercado laboral como na ocupación (taxas de actividade e de emprego), aumentando nunha décima a taxa de paro. Asemade, mellora a calidade do emprego atendendo á redución da temporalidade.

O balance global positivo viría determinado polo feito de que todo o emprego creado é emprego indefinido e no sector privado, aumentando o emprego a xornada completa. Asemade, mellora a situación dos fogares tendo en conta o descenso do número de fogares onde todas as persoas activas están en paro así como do número de fogares sen preceptores de ingresos. No que ao desemprego se refire, a pesar do incremento da poboación parada estimada pola EPA, cómpre mencionar o positivo descenso das persoas que levan máis dun ano nesa situación (-9,1%).

Con todo, estes datos teñen de ser matizados tendo en conta non só que Galicia é unha das CC.AA. coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, senón tamén que o mercado laboral no conxunto de España presenta un maior dinamismo que en Galicia. Asemade, é significativa a ralentización da creación de emprego, descendendo lixeiramente a ocupación entre as mulleres.

A taxa de actividade, taxa de ocupación, taxa de paro e taxa de temporalidade, indicadores básicos do mercado laboral, permiten realizar unha primeira aproximación global á situación do mercado de traballo e a súa comparación co resto das CC.AA. Galicia mantense entre as Comunidades autónomas coas taxas de actividade e ocupación máis reducidas, situándose nunha posición intermedio no caso da taxa de paro. Fronte a estes datos, hai que resaltar que Galicia é a quinta C.A. coa taxa de temporalidade máis reducida tras Baleares, Madrid, Cataluña e A Rioxa.

No concernente á taxa de actividade, a participación laboral dos galegos manten-

se no último trimestre no 53%, case seis puntos por baixo do estimado no conxunto do Estado (58,9%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia novamente como a segunda C.A. coa taxa máis reducida tras Asturias, cun 50,7%. A taxa de actividade feminina é notablemente inferior á masculina, con valores do 48,9% e 57,5%, respectivamente, aumentando o diferencial ata os 8,5 puntos porcentuais (7,8 no ano anterior). No conxunto do Estado, o diferencial mantense por riba do existente en Galicia (9,7 puntos), aumentando a taxa de actividade feminina ata o 54,2% e a masculina ata o 64,1%.

No que á taxa de ocupación se refire, a relación entre a poboación ocupada e a poboación maior de 16 anos sitúase en Galicia no 48%, mesmo nivel que no ano anterior, aumentando o diferencial con respecto á media estatal que se sitúa en 4,3 puntos fronte aos catro do ano anterior (en España ascende ata o 52,3%). Esta porcentaxe sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con menor taxa de emprego, por diante de Asturias (44,7%), Estremadura (46,5%) e Andalucía (47,7%).

Ao igual que acontece coa taxa de actividade, a participación das mulleres é significativamente inferior á dos homes, sendo o diferencial en Galicia novamente inferior ao estimado no conxunto do Estado. Entre os homes a taxa de emprego sitúase no 52,4% fronte ao 44% no caso das mulleres, o que implica un diferencial de 8,4 puntos, fronte aos 10,1 puntos en España (57,5% e 46,8%, respectivamente).

A taxa de paro galega ascende no último trimestre ata o 9,5%, unha décima máis que no ano anterior, o que a sitúa a Galicia nunha posición intermedia respecto ao resto das CC.AA. aínda que lonxe do

Taxas de actividade, ocupación, paro e temporalidade no II trimestre 2024

	Galicia	España	Mellores CC.AA.	Peores CC.AA.
Taxa de actividade	53,0%	58,9%	Baleares (65,4%) Madrid (62,7%) Cataluña (61,8%) Murcia (60,1%)	Asturias (50,7%) Galicia (53,0%) Castela e León (54,0%) Estremadura (54,9%)
Taxa de ocupación	48,0%	52,3%	Baleares (60,2%) Madrid (57,4%) Cataluña (56,0%) Navarra (55,1%)	Asturias (44,7%) Estremadura (46,5%) Andalucía (47,7%) Galicia (48,0%)
Taxa de paro	9,5%	11,3%	Navarra (7,4%) Baleares (8,0%) País Vasco (8,1%) Aragón (8,3%)	Andalucía (16,3%) Estremadura (15,4%) Castela A Mancha (13,9%) Canarias (13,9%)
Taxa de temporalidade	15,2%	16,0%	Baleares (11,0%) Madrid (11,5%) Cataluña (12,9%) A Rioxa (15,1%)	Estremadura (22,4%) País Vasco (20,8%) Andalucía (20,4%) Murcia (19,1%)

Fonte: INE

rexistrado en Navarra (7,4%), Baleares (8%), País Vasco (8,1%) e Aragón (8,3%). No conxunto de España a taxa de desemprego descende ata o 11,3%, catro décimas menos que no ano anterior. O diferencial entre as taxas de Galicia e España redúcese ata os 1,7 puntos porcentuais, o que supón o segundo valor máis reducido dende o inicio da crise orixinada pola pandemia (1,5 puntos no primeiro trimestre de 2021). A taxa feminina é superior á masculina en todas as CC.AA. situándose en Galicia no 10,2% e 8,9%, respectivamente, fronte aos 12,6% e 10,1% en España

Principais datos do mercado de traballo en Galicia 2022-2024

miles de persoas	2020	2021	2022	2023	2024	
	II	II	II	II	I	II
Poboación maior de 16 anos	2.338,8	2.343,1	2.347,5	2.356,6	2.368,0	2.368,1
Poboación activa	1.192,9	1.230,5	1.242,7	1.248,9	1.259,3	1.255,4
25 - 34 anos	203,1	207,2	211,4	212,2	213,3	211,0
Poboación ocupada	1.050,4	1.079,6	1.104,1	1.131,7	1.127,7	1.135,6
Conta propia	200,3	209,1	210,1	208,5	208,5	212,6
Conta allea	850,0	870,4	893,8	922,9	919,2	923,0
Outra situación	0,2	0,2	0,2	0,4	-	-
Poboación parada	142,5	150,9	138,6	117,2	131,6	119,8
Parado longa duración	40,1	62,1	52,7	41,0	43,1	40,4
Poboación inactiva	1.145,9	1.112,7	1.104,7	1.107,7	1.108,7	1.112,7
Taxa de actividade	51,0%	52,5%	52,9%	53,0%	53,2%	53,0%
Taxa de ocupación	44,9%	46,1%	47,0%	48,0%	47,6%	48,0%
Taxa de paro	11,9%	12,3%	11,2%	9,4%	10,5%	9,5%
Taxa de temporalidade	22,1%	24,2%	20,1%	15,7%	15,3%	15,2%
Afiliacións (media trimestral)	978,4	1.008,5	1.038,8	1056,7	1.055,0	1.075,9
Paro rexistrado (media trimestral)	189,1	164,6	145,9	134,3	130,2	122,1

Fonte: IGE

Poboación activa

A pesar da ralentización estimada no ritmo de crecemento da poboación activa, esta mantén a tendencia crecente dos últimos trimestres, acollendo no segundo trimestre do ano un total de 1.255.400 persoas, 6.500 máis que no ano precedente, o que supón unha medra interanual do 0,5%, máis dun punto inferior á do conxunto do Estado (1,6%). A diferenza do acontecido en trimestres anteriores, o devandito incremento ven motivado tan só polo comportamento dos homes, con 7.500 persoas activas máis que no mesmo período do ano precedente (1,2%), o que contrasta co descenso en 900 persoas no caso das mulleres (-0,1%). En España a poboación activa medra en ambos os dous casos por décimo trimestre consecutivo, situándose as taxas de variación interanual no 1,8% entre as mulle-

Poboación activa, ocupada e parada 2022-24: distribución segundo sexos



Fonte: IGE.

res e no 1,3% no caso dos homes.

Asemade, cómpre mencionar o incremento da poboación activa de nacionalidade estranxeira en 11.800 persoas (14,2%) fronte ao descenso do 0,5% entre as persoas españolas (5.300 menos). Xunto ao devandito crecemento da poboación activa entre os homes e persoas estranxeiras cómpre mencionar o incremento entre a poboación máis nova e as persoas maiores de 45 anos, cunha medra interanual do 8,8% (5.300 persoas) e 1,8% (11.600 persoas), respectivamente. Atendendo ao seu nivel formativo, cómpre mencionar o incremento nun 7,6% (2.800 persoas) entre as que posúen estudios primarios ou menos, así como entre aquelas persoas coa ESO segunda etapa e estudos superiores (3,4% e 2%, respectivamente).

Fronte a ese incremento, a poboación activa descende de xeito importante entre aqueles con estudos de ESO primeira etapa (17.700 persoas menos que no segundo trimestre do ano anterior; 4,9%) e entre os que teñen unha idade comprendida entre 35 e 44 anos (9.100 persoas menos; 2,8%). Asemade, descende un 0,6% a poboación activa de 25 a 34 anos, o que supón 1.200 persoas menos.

Poboación activa II trimestre de 2024. Variación interanual



Fonte: IGE.

Ocupación

O maior dinamismo da economía galega no segundo trimestre en relación ao ano anterior non se traslada directamente ao mercado de traballo tendo en conta que tres dos catro indicadores da ocupación considerados presentan unha significativa ralentización no seu ritmo de crecemento. Tras un incremento interanual do PIB do 2,5%, as afiliacións á Seguridade Social é o indicador que reflicte un mellor comportamento do mercado laboral, cunha medra do 1,8%, o que supón unha décima por riba do rexistrado no ano anterior. Doutra banda, a poboación ocupada estimada pola EPA medra tan só un 0,3%, máis de dous puntos por baixo do estimado no ano precedente (2,5%). Asemade, as contas económicas reflicten a devandita ralentización no ritmo de crecemento do emprego, tanto no caso do número de postos de traballo equivalentes a tempo completo, cunha medra un 1% fronte o 2,1% rexistrado no ano anterior; como do número de horas traballadas (0,2% fronte aos 2,7% de 2023). Ao igual que en anos anteriores, o mercado laboral en España presenta un mellor comportamento que en Galicia, aumentando as afiliacións un 2,6%, o número de horas traballadas un 2,1%, e a poboación ocupada e os postos de traballo equivalente a tempo completo un 2%.

No concernente ao número medio de **afiliacións en alta laboral ao Sistema da Seguridade Social en Galicia** no segundo trimestre ascende a 1.075.855 persoas afiliadas, o que supón en torno ás 19.200 afiliacións máis que no ano anterior. En termos relativos as afiliacións medran en Galicia un 1,8%, oito décimas por baixo do rexistrado en España. Tanto en Galicia como no conxunto do Estado este incremento afecta en maior medida ao emprego feminino, situándose na Comunidade autónoma a taxa de variación interanual no 2,1% (10.831 afiliacións máis) fronte ao 1,6% entre os homes (8.371 afiliacións). Esta medra é máis intensa en España en ambos os dous casos: 3,1% e 2,2%, respectivamente.

No que se refire á análise da **poboación ocupada**, o segundo trimestre do ano caracterízase por unha significativa desaceleración na creación de emprego, cunha medra interanual do 0,3% fronte ao 2,5% no mesmo período do ano precedente. Galicia conta con 1.135.600 persoas ocupadas, 3.900 máis que en 2023. A diferenza do acontecido nos trimestres anteriores, o devandito incremento da ocupación en Galicia prodúcese tan só entre os homes, aumentando a ocupación en 5.700 persoas (1%). Isto contrasta co descenso estimado no emprego feminino, cunha redución do 0,3% (1.800 persoas), feito que non acontecía dende o primeiro trimestre de 2021. O mercado laboral español presenta un mellor comportamento que o galego tanto entre homes como mulleres, estimándose unha medra interanual do

1,5% e 2,6%, respectivamente.

Tras esta evolución a taxa de ocupación sitúase en Galicia no 52,4% no caso dos homes, case oito puntos e medio superior á estimada para a ocupación feminina (44%), manténdose estas porcentaxes por baixo do estimado para o mercado laboral español: 57,5% e 47,3%, respectivamente. En relación ao resto das CC.AA., tan só Asturias e Estremadura presentan unha taxa inferior á galega no caso dos homes, manténdose como a sexta C.A. coa taxa más reducida tras Astu-

Poboación ocupada en Galicia II trimestre 2024: distribución segundo sectores económicos, situación profesional, idade e nivel de formación acadado

	Galicia (en miles de persoas)			Galicia/España (%)			Galicia 24/23 (%)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.135,6	591,0	544,6	5,2	5,1	5,4	0,3	1,0	-0,3
Situación profesional									
Traballadores por conta propia	212,6	124,9	87,7	6,6	6,0	7,6	2,0	0,2	4,5
Empregador	64,2	38,3	25,9	6,7	5,9	8,5	-1,7	-10,5	15,1
Empresarios sen asalariados	145,6	84,8	60,8	6,6	6,1	7,5	4,8	7,6	1,2
Membros cooperativas	0,8	0,7	0,2	2,7	3,9	1,7	-33,3	-41,7	
Axuda na empresa ou negocio familiar	1,9	1,1	0,8	3,2	4,0	2,5	-38,7	-38,9	-38,5
Asalariados	923,0	466,1	456,9	5,0	4,9	5,1	0,0	1,2	-1,1
Sector público	186,4	77,2	109,3	5,2	5,1	5,4	-3,1	-6,5	-0,5
Sector privado	736,5	388,9	347,6	4,9	4,9	5,0	0,8	2,9	-1,3
Grupos de idade							-	-	-
16-19 anos	4,8	3,4	1,4	2,6	3,0	2,0	-15,8	6,3	-44,0
20-24 anos	42,9	25,6	17,2	3,8	4,2	3,4	6,7	14,8	-3,9
25-34 anos	183,4	93,5	90,0	4,5	4,3	4,6	-1,1	-3,0	1,0
35-44 anos	287,0	147,4	139,6	5,3	5,1	5,5	-2,4	-1,4	-3,4
45-54 anos	355,2	185,1	170,1	5,6	5,5	5,8	1,1	1,3	0,8
55 e máis anos	262,2	135,9	126,3	5,7	5,4	6,1	2,9	3,6	2,2
Nivel de formación acadado (1)									
Analfabetos e Estudos primarios incompletos	1,3	0,6	0,7	0,6	0,4	1,1	-43,5	-60,0	-12,5
Educación primaria	28,3	18,3	10,1	3,7	3,8	3,6	15,5	18,1	12,2
Ed. secundaria. Primeira etapa ou similar	303,7	185,5	118,2	5,6	5,5	5,6	-5,7	-3,0	-9,7
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación xeral	136,3	72,6	63,7	4,7	4,7	4,7	-1,9	-4,1	0,8
Ed. secundaria. Segunda etapa, orientación profesional	139,8	80,6	59,2	6,1	6,4	5,7	9,3	13,7	3,9
Educación superior	526,1	233,3	292,8	5,2	4,9	5,6	2,0	1,2	2,6

(1) Educación primaria inclúe estudios primarios incompletos, Educación secundaria inclúe 1ª etapa, 2ª etapa orientación xeral e profesional, e Educación superior inclúe doutorado
Fonte: INE, EPA

rias, Estremadura, Andalucía, Castela A Mancha e Castela e León no caso do emprego femininno.

Centrándose na análise das cifras totais da ocupación estimadas pola EPA, o mercado de traballo presenta importantes luces e sombras. Dunha banda, un balance xeral positivo viría determinado polo feito de que todo o emprego creado é emprego indefinido e no sector privado, aumentando o emprego a xornada completa. Asemade, mellora a posición dos fogares tendo en conta o descenso do número de fogares onde todas as persoas activas están en paro así como do número de fogares sen preceptores de ingresos. Por contra, é significativa a ralentización da creación de emprego, descendendo lixeiramente a ocupación entre as mulleres, presentando novamente o mercado de traballo galego un menor dinamismo que no conxunto do Estado así como moi reducidas taxas de actividade e ocupación.

Atendendo ao nivel formativo das persoas ocupadas, o incremento máis importante en termos absolutos prodúcese entre as persoas de maior nivel formativo, aumentando en 11.900 persoas entre aqueles coa segunda etapa da ESO (orientación profesional)

Poboación ocupada II trimestre de 2024: distribución segundo sexo e ramas de actividade

	2024 (en miles de persoas)			24/23 (taxa variación interanual)		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
Total	1.135,6	591,0	544,6	0,3%	1,0%	-0,3%
Sector Primario	71,5	46,4	25,2	-5,8%	-10,6%	5,0%
Agricultura, gandaría, caza e silvicultura	52,7	31,6	21,1	-4,9%	-12,0%	7,7%
Pesca e acuicltura	18,8	14,8	4,1	-8,3%	-7,5%	-8,9%
Industria	178,8	128,5	50,4	6,2%	12,4%	-6,8%
Industrias extractivas	4,1	3,8	0,2	13,9%	46,2%	-80,0%
Industria manufactureira	163,0	115,4	47,5	2,9%	7,9%	-7,6%
Enerxía, subministro de auga e xestión de residuos	11,8	9,2	2,6	87,3%	95,7%	62,5%
Construción	83,5	75,6	8,0	10,6%	9,7%	21,2%
Servizos	801,7	340,6	461,1	-1,3%	-2,7%	-0,1%
Comercio por xunto e ao retallo; reparación vehículos motor e motocicletas	173,0	85,4	87,6	-1,1%	8,1%	-8,8%
Transporte e almacenamento	55,7	40,5	15,2	-9,1%	-12,3%	1,3%
Hostalaria	78,3	29,7	48,6	-2,6%	-13,2%	5,4%
Act. de información, financeiras, inmobiliarias e profesionais	166,2	81,5	84,7	-0,4%	0,0%	-0,6%
Admón. pública e defensa; seguranza social obrigatoria	63,6	36,8	26,9	-6,2%	-7,5%	-3,9%
Educación	81,0	24,2	56,9	2,4%	-3,6%	5,4%
Actividades sanitarias e de servizos sociais	108,4	22,5	86,0	11,8%	23,0%	9,1%
Resto de servizos	75,4	20,1	55,3	-10,9%	-23,0%	-5,5%

Fonte: IGE

rematada e en 10.200 entre os que teñen educación superior. Con todo, en termos absolutos, cómpre resaltar o incremento do 15,5% experimentado entre as persoas coa educación primaria (3.800 persoas). No que atinxe aos grupos de idade, salienta o incremento da ocupación entre as persoas cunha idade comprendida entre 20-24 anos (6,7%, 2.700 persoas) e o experimentado entre os maiores de 55 anos (2,9%; 7.400 persoas ocupadas máis). Fronte a este comportamento, o mercado de traballo galego presenta unha destrución de emprego entre as persoas coa primeira etapa da ESO (18.500 persoas menos; -5,7%) e con estudos primarios (-43,5%; 1.000 persoas menos), así como entre as persoas cunha idade comprendida entre 35-44 anos, con 7.000 empregos menos (-2,4%), entre 25-34 anos (2.100 persoas; 1,1%) e os máis novos, cunha redución da ocupación do 15,8% (900 persoas menos).

Atendendo á situación profesional das persoas ocupadas, o mercado laboral en Galicia caracterizouse no segundo trimestre por unha medra tan só dos traballadores por conta propia (4.100 persoas; 2%), permanecendo practicamente estable o número de asalariados (100 persoas máis). Isto contrasta co comportamento no conxunto de España onde o emprego creado é emprego por conta allea.

No concernente ao emprego por conta propia, o devandito incremento ven explicado polo comportamento das persoas empresarias sen asalariados ou traballadores independentes, que presentan unha medra interanual do 4,8% (6.700 persoas), descendendo por contra un 1,7% no caso das persoas empregadoras. Non obstante, esta evolución presenta importantes diferenzas entre homes e mulleres. Dunha banda, fronte ao descenso do 10,5% do número de empresarios con asalariados entre os homes (4.500 menos), as empresarias empregadoras aumentan un 15,1% (3.400 mulleres máis). Doutra banda, o incremento entre os empresarios sen asalariados prodúcese maioritariamente entre os homes, con 6.000 persoas máis (7,6%) fronte a tan só 700 mulleres máis (1,2%).

No que atinxe ao emprego asalariado, cómpre resaltar que o incremento estimado no sector privado prodúcese tan só entre os homes, descendendo por contra o emprego no sector público tanto entre os homes como entre as mulleres. En concreto, a ocupación no sector privado aumenta en 10.800 persoas entre os homes (2,9%) mentres que se reduce en 4.700 persoas entre as mulleres (-1,3%). No sector público, a caída da ocupación prodúcese maiormente entre os homes, con 5.400 ocupados menos (6,5%), sendo de tan só 500 persoas entre as mulleres (0,5%).

Estrutura da ocupación en Galicia II trimestre de 2019 e 2024. Peso relativo sobre a poboación ocupada total



Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No que atinxe á distribución sectorial, a poboación ocupada redúcese tanto no sector primario como no conxunto dos servizos, o que contrasta coa medra interanual no caso da construción e da industria. Dun-

ha banda, o emprego no sector servizos redúcese en 10.200 persoas (1,3%) impulsado pola destrución de emprego nas ramas de transporte e almacenamento, con 5.600 persoas ocupadas menos, e a administración pública e defensa, con 4.200 persoas menos (-9,1% e -6,2%, respectivamente). Doutra banda, o destrución de emprego no sector primario ascende a 4.400 persoas (-5,8%), reducíndose a ocupación tanto na pesca como nas ramas agrogandeiras. Por contra, cómpre resaltar o incremento experimentado nas actividades sanitarias e de servizos sociais, con 11.400 persoas ocupadas máis que no ano precedente, e na construción, con 8.000 máis (10,6%), así como na enerxía e na industria manufactureira (5.500 e 4.600 persoas máis).

Tras esta evolución, o sector servizos concentra o 70,6% da poboación ocupada en Galicia (801.700 persoas), representando o conxunto das ramas manufactureiras o 14,4% (163.000 persoas ocupadas). O sector da construción concentran o 7,4% da poboación ocupada total en Galicia (83.500 persoas) e as actividades do sector primario o 6,3% (71.500 persoas). No ámbito do sector servizos a actividade que concentra o maior número de ocupados é a de comercio, cun 15,2% da poboación ocupada, por diante das actividades sanitarias e de servizos sociais, cun 9,5%, e a educación, co 7,1%.

Se se compara esta estrutura coa existente no mesmo trimestre de 2019, cómpre resaltar o desigual comportamento entre sectores ou ramas de actividade. Dunha banda cómpre mencionar o incremento do peso relativo da construción e a educación (1,2 e 0,8 puntos máis entre as dúas datas consideradas); doutra banda, descende nun punto porcentual a importancia relativa do conxunto do sector servizos, entre as que salienta a caída do peso da hostalería (oito décimas menos) e da administración pública e defensa, seguridade social obrigatoria (seis décimas menos), descendendo en medio punto porcentual do peso relativo da industria manufactureira.

Calidade do emprego

No segundo trimestre do ano todo o emprego por conta allea creado, tanto en Galicia como en España, é emprego indefinido. Entre abril e xuño de 2024 Galicia presenta unha medra interanual do 0,8% das persoas asalariadas con contrato indefinido (6.400 persoas) e un descenso do 4,4% entre aquelas persoas con contrato temporal (-6.400 persoas). No conxunto do Estado, o emprego asalariado con contrato indefinido medra un 4,4% respecto ao ano anterior, descendendo un 6,6% o emprego temporal.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte que no segundo trimestre do ano o emprego indefinido medra en Galicia tan só entre os homes. En concreto, o emprego indefinido medra un 2% respecto ao ano anterior (8.000 persoas), reducíndose un 0,4% entre as mulleres (1.600 persoas). No conxunto de España o emprego indefinido presenta un crecemento en ambos os dous casos, situándose as taxas de variación interanual no 4,5% entre as mulleres e no 4,2% entre os homes. No concernente ao emprego temporal, o descenso en Galicia prodúcese tanto en homes como en mulleres, se ben é máis intenso entre as mulleres, onde o emprego temporal redúcese un 4,5%, que entre os homes, cun 4,2% (2.600 e 3.800 persoas menos, respectivamente). O mercado laboral en España presenta igualmente unha caída dos contratos temporais, se ben esta é máis intensa entre os homes que entre as mulleres (10,2% e 3,5%, respectivamente).

Tras esta evolución, a taxa de temporalidade descende ata o 15,2%, oito décimas inferior á rexistrada no conxunto de España (16%), porcentaxe que sitúa a Galicia como a quinta C.A. coa taxa máis reducida tras Baleares, Madrid, Cataluña e A Rioxa. Atendendo a este indicador, a calidade de emprego feminino é sensiblemente inferior á masculina dado que a taxa de temporalidade entre as mulleres se sitúa en Galicia no 17,7% fronte ao 12,7% no caso dos homes. Do mesmo xeito, no conxunto de España a temporalidade oscila entre o 18,4% no caso das mulleres e o 16% no dos homes. Xunto á devandita redución da temporalidade en relación ao ano anterior, cómpre resaltar o incremento do diferencial existente, que en Galicia se sitúa en 5 puntos fronte aos 4,9 do segundo trimestre do ano precedente (4,7 e 4,1 en España, respectivamente).

O devandito descenso das persoas asalariadas cunha contratación temporal prodúcese en Galicia tan só no ámbito público, cunha caída interanual do 16,7% (10.900 persoas menos), aumentando por contra nun 0,7% no sector privado (600 persoas máis). A diferenza do que acontece en Galicia, no conxunto de España o descenso prodúcese en ambos os dous casos, sendo do 2,1% no sector público e do

6,7% no privado. Deste xeito, a taxa de temporalidade no ámbito público redúcese ata o 29,2%, case dezaoito puntos por riba do estimado para o sector privado (11,6%), situándose no conxunto do Estado en 29% e 12,8%, respectivamente.

Por último cómpre facer referencia á ocupación segundo tipo de xornada. Dunha banda, o emprego a tempo completo aumenta un 1% respecto ao ano anterior (9.300 persoas), reducíndose a ocupación a xornada a tempo parcial un 3,4% (5.400 persoas menos). Por contra, no conxunto do Estado aumenta tanto a ocupación a xornada a tempo completo como parcial, presentando esta última unha maior taxa de crecemento (2% e 2,3%, respectivamente.

A análise da desagregación segundo sexo reflicte a desigualdade entre homes e mulleres. O descenso da xornada a tempo parcial prodúcese en maior medida entre os homes (-7,8%; 3.300 persoas menos) que entre as mulleres (-1,9%; 2.200 persoas), e ao mesmo tempo, o incremento do número de persoas ocupadas a xornada a tempo completa prodúcese fundamentalmente entre os homes, cunha medra do 1,6% (8.900 ocupados máis) fronte a tan só un 0,1% no caso das mulleres (300 persoas). Tras esta evolución, o 74,6% das persoas ocupadas a tempo parcial en Galicia son mulleres, máis dun punto superior ao estimado no ano anterior (73,5%); en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo descende ata o 43,8% (44,1% no mesmo período de 2023).

Atendendo ás causas da parcialidade cómpre resaltar o positivo descenso rexistrado entre aquelas persoas que non poden atopar un traballo a tempo completo, que no segundo trimestre do ano representaba o 42,9% do total (49,9% no ano precedente), a porcentaxe máis reducida dende o inicio da crise orixinada pola pandemia (53,7%). A segunda causa de parcialidade é o coidado de nenos ou adultos, enfermos ou maiores, que representa o 19,6%, máis de cinco puntos superior ao estimado en 2023 (14,4%), existindo unha acusada diferencia entre mulleres e homes, xa que esta causa supón o 25,1% entre as mulleres fronte ao 3,6% entre os homes (17,6% e 5,7% no ano precedente).

Por último, se se considera tan só o emprego asalariado indefinido, oito de cada dez persoas asalariadas con contrato indefinido a tempo parcial en Galicia son mulleres (82,2%), case punto e medio superior ao estimado no segundo trimestre do ano anterior (80,6%); en tanto que no caso do emprego a tempo completo o seu peso relativo descende ata o 43,1% (43,9% no mesmo período de 2023). Asemade, o 21,6% das mulleres asalariadas con contrato indefinido teñen un emprego a tempo parcial o que contrasta co 4,3% estimado entre os homes (21,3% e 4,9% no ano precedente, respectivamente).

Desemprego

A diferenza do acontecido nos segundos trimestres nos dous anos anteriores, entre abril e xuño de 2024 a poboación parada en Galicia aumenta un 2,2% para situarse en 119.800 persoas, 2.600 máis respecto ao ano anterior. Este incremento rexístrase tanto entre mulleres, cunha medra interanual do 1,3% (800 paradas máis), como en maior medida, entre os homes, cun incremento do 3,2% (1.800 parados máis). Tras esta evolución Galicia conta con 61.800 mulleres paradas (51,6%) e 58.000 homes desempregados (48,4%). Fronte a este comportamento, o mercado laboral español presenta unha redución en ambos os dous casos, sendo esta caída máis intensa entre as mulleres que entre os homes (3% e 0,6%, respectivamente).

Fronte á devandita caída reflectida pola EPA, os datos das oficinas de emprego en Galicia reflicten un descenso do desemprego. No segundo trimestre do ano o número medio de persoas paradas rexistradas redúcese un 9,1% respecto ao ano anterior para situarse en torno a 121.100, o que supón 12.200 persoas menos. No conxunto do Estado esta taxa de variación interanual sitúase no 4,6%.

Atendendo ao valor das taxas de paro, que reflicten a relación entre a poboación parada e a poboación activa, o desemprego segue a afectar en maior medida ao desemprego feminino. Dunha banda, a taxa de paro entre as mulleres descende ata o 10,2% fronte ao 8,9% entre os homes. Este diferencial entre homes e mulleres é máis acusado no conxunto do Estado, onde a taxa de paro feminino descende ata o 12,6%, dous puntos e medio máis elevada que o desemprego entre os homes (1,3 puntos en Galicia).

As persoas menores de 25 anos, estranxeiros e con estudios primarios volven a ser os colectivos máis afectados polo desemprego. Dunha banda, a taxa de paro entre os menores de 25 anos ascende no último trimestre ata o 27,2%, case tres puntos e medio superior ao estimado na mesma data do ano anterior (23,8%), aumentando entre as persoas de 25 a 54 anos ata o 8,9% (8,7% no ano precedente), o que contrasta co descenso entre os maiores de 55 anos: 7,5% fronte ao 8,4% en 2023. Doutra banda, atendendo ao nivel de estudos rematados, a taxa de paro descende entre as persoas con estudos primarios (23,8% no segundo trimestre fronte ao 27,1% no ano anterior) o que contrasta co incremento estimado entre as persoas coa primeira etapa da ESO (11,1% fronte ao 10,3% no mesmo período do ano precedente). A taxa de paro entre as persoas con estudos superiores sitúase no 7,1%, unha décima máis que no ano anterior. Por último, a pesar de que a taxa de desemprego descende entre as persoas con nacionalidade estranxeira, esta se sitúa no 20,4%, máis

Evolución da poboación parada e da taxa de paro en Galicia 2019-2024.

	2020	2021	2022	2023	2024	
Trimestre	II	II	II	II	I	II
	(en miles de persoas)					
Poboación parada	142,5	150,9	138,6	117,2	131,6	119,8
Homes	71,8	71,4	67,0	56,2	64,8	58,0
Mulleres	70,7	79,5	71,6	61,0	66,8	61,8
Paro de longa duración	40,1	62,1	52,7	41,0	43,1	40,4
	(Taxa de variación interanual; %)					
Poboación parada	1,5	5,9	-8,2	-15,4	-2,5	2,2
Homes	4,2	-0,6	-6,2	-16,1	1,1	3,2
Mulleres	-1,0	12,4	-9,9	-14,8	-5,8	1,3
Paro de longa duración	-28,4	54,9	-15,1	-22,2	-9,1	-1,5
				(porcentraxe de poboación activa; %)		
Taxa de paro						
Total	11,9	12,3	11,2	9,4	10,5	9,5
Homes	11,5	11,2	10,4	8,8	10,0	8,9
Mulleres	12,4	13,4	11,9	10,0	10,9	10,2
Segundo nivel de estudios						
Estudios primarios	26,0	22,3	25,2	27,1	22,5	23,8
ESO. 1ª etapa	13,7	14,1	13,6	10,3	12,4	11,1
ESO. 2ª etapa	12,5	14,7	13,5	10,4	11,9	10,3
Educación superior	9,6	9,3	7,7	7,0	7,6	7,1
Segundo grupos de idade						
Menores de 25 anos	34,3	33,3	35,3	23,8	28,1	27,2
De 25 a 54 anos	11,8	11,6	10,1	8,7	9,7	8,9
Maiores de 55 anos	8,1	10,6	9,9	8,4	9,0	7,5
Segundo nacionalidade						
Española	11,3	11,4	10,5	8,5	9,4	8,7
Estranxeira	23,2	27,7	20,9	22,5	23,5	20,4

Fonte: IGE

de dous puntos inferior á estimada no segundo trimestre de 2023, o que contras co lixeiro incremento no caso das persoas de nacionalidade española, cunha taxa de paro do 8,7% (8,5% no ano precedente).

A pesar do devandito incremento, cómpre mencionar o descenso do paro de longa duración, descenso que se produce con maior intensidade que no conxunto de España. No segundo trimestre de 2024 un total de 44.700

persoas galegas levan máis dun ano en situación de desemprego, o que supón un 9,1% menos que no ano anterior, sendo este descenso interanual do 2,8% no conxunto do Estado. Tras esta evolución, o 37,3% das persoas en paro levan máis dun ano en procura de emprego, case cinco puntos menos que en 2023 (42%), situándose esta porcentaxe no 40% en España.

Por último, cómpre facer referencia á situación dos fogares galegos segundo a tipoloxía de actividade. Un primeiro aspecto positivo é o descenso do número de fogares con todos os seus activos en situación de desemprego. En concreto, tras un descenso interanual do 7,7%, Galicia conta con 43.300 fogares con todos as persoas activas en paro, 3.600 fogares menos que no ano anterior, o que representa o 3,8% dos fogares galegos (4,2% no mesmo período do ano anterior). Un segundo aspecto a salientar é a redución do número de fogares sen perceptores de ingresos, que en 2024 sitúase en 24.200 fogares, un 4,3% menos que no ano precedente (1.100 fogares menos). Ademais, aumenta o número de fogares onde todas as persoas activas están ocupadas, acadando os 657.600 fogares, o que supón un 1,4% máis que no ano precedente (9.000 fogares máis).

www.foroeconomicodegalicia.es

O Foro Económico de Galicia é unha plataforma de transferencia de coñecemento en materia económica dende as empresas e universidades galegas á sociedade e aos espazos de decisión pública. O Foro integra a profesores e investigadores, empresarios e directivos representativos dos diferentes sectores e áreas de Galicia, e xornalistas galegos de referencia.

SOCIOS


ABANCA
Asociación Gallega Empresa Familiar
Casal de Armán
civisglobal
construimos entorno
COREN
CRTVG
CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA
Cruz Roja
Galuresa
Algo más que gasolineras
HR Hijos de Rivera
Hierros AÑÓN, S.A.
JEALSA
MEGASA
Naturgy
GrupoNogar
PÉREZ RUMBAO
ReVi
reganosa
Rodiñas
Rodman
ZFV
CONSORCIO ZONA FRANCA DE VIGO
Universidade Vigo



ABANCA

Foro económico de Galicia

Informe de Conxuntura socioeconómica

III / 2024

Fernando González Laxe (coord.)
José Francisco Armesto Pina
Patricio Sánchez Fernández
Santiago Lago Peñas

www.foroeconomicodegalicia.es